



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA DEZASETE DE XUÑO DO 2015

SRES. ASISTENTES:

D^a. Rocío López García .
D. Manuel Arango Ron.
D. Carlos Rivas Rivas.
D^a. M^a. Mercedes Dengra Sixto.
D. Francisco Dasilva Rivas.
D. Miguel Castrillón Fernández
D^a. M^a Emma Álvarez Chao.
D. Fco. Javier Rguez. Barreira.
D^a Josefa Rodríguez Lorenzo.
D. Pablo Maseda Fernández.

Secretaria accidental:

D^a. Carmen López González.

=====

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de xuño de 2015, reúnen os señores concelleiros electos enumerados ó marxe, actuando como Secretaria accidental e dando fe do acto D^a. Carmen López González, ó obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia pasouse ó exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que seguidamente se relaciona:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 13 DE XUÑO DO 2015.

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data trece de xuño de dous mil quince (13/06/15) distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta da dita sesión foi aprobada por unanimidade dos presentes .

2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE:

a) Creación da Xunta de Goberno Local.

b) Creación e composición da Comisión Especial de Contas.

Neste punto do orde do día e coñecido polo Pleno o contido da Proposta da Alcaldía arriba indicada, pasouse ó debate de cada un dos apartados da mesma, sendo o seu resultado o seguinte:

A) Polo que se refire á **CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, o Pleno con dez votos a favor, P.S. de G.-P.S.O.E. e do Partido Popular, acordou a aprobación da proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada e que foron os seguintes:

"CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en aras a unha maior axilidade administrativa e un mellor funcionamento da vida municipal e de conformidade co disposto no artigo 59 2b) da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e artigo 20.1b) da lei 7/85 de Bases e 35.2.d) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sendo o seu obxecto a asistencia permanente ó

Alcalde, no exercicio das súas atribucións así como exercer, as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal delegue o as que lle atribúan as leis.

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que será o seu Presidente, e por un número de tres concelleiros que serán nomeados libremente polo Alcalde como membros da mesma e axustara o seu funcionamento ó disposto nos artigos 112 y 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e celebrará sesión *ordinaria coa seguinte periodicidade*: As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local serán mensuais e celebraranse os luns cada quince días ás TRECE (13,00) HORAS." *quinzenais*

B) Polo que se refire a este apartado referente á **CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**, unha vez aberto o debate a Sra. Alvarez Chao sinala que non lle parece representativo a proporción de 3 membros do P.S.DE G.-P.S.O.E e un do Partido Popular da proposta da Alcaldía referenciada,

Pasa a votación a proposta epigrafiada, o Pleno con dez votos a favor, P.S. de G.-P.S.O.E. e do Partido Popular, acordou a aprobación da proposta da Alcaldía, sendo o seu contido literal o que segue, a saber:

"CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

De conformidade co disposto no artigo Nº66 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia e no artigo nº127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/86 , procede a creación da Comisión Especial de Contas, que actuará como Comisión Informativa Permanente correspondéndolle o exame, estudo e o informe da Conta Xeral e demais contas anuais e debe estar constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación e o número será proporcional á súa representatividade no Concello.

Dita Comisión estaría integrada por cinco membros, tres do Partido Socialista de G.-P.S.O.E., un do Partido Popular e un do Bloque Nacionalista Galego. Polo que se refire ó Grupo Municipal do P.S. de G.-P.S.O.E., proponse ó Pleno a seguinte composición:

- Presidente: D. /Dª. Rocío López García.
- Suplente: D. /Dª. Manuel Arango Ron.
- Vocal: D. /Dª. Francisco Dasilva Rivas.
- Suplente: D. /Dª. Carlos Rivas Rivas.
- Vocal: D. /Dª. Miguel Castrillón Fernández.
- Suplente: D. /Dª. Mercedes Dengra Sixto.

Non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente."

A continuación o Pleno pasou a constituír a Comisión Especial de Contas con todos os seus membros quedando da seguinte forma:

PRESIDENTE TITULAR	PRESIDENTE SUPLENTE	GRUPO POLITICO
D.ª ROCIO LÓPEZ GARCIA	D. MANUEL ARANGO RON	P.S.DE G.-P.S.O.E
VOGAIS TITULARES	VOGAIS SUPLENTES	
D.ª FRANCISCO DASILVA RIVAS	D. CARLOS RIVAS RIVAS.	P.S.DE G.-P.S.O.E



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



D.MIGUEL CASTRILLON FERNANDEZ	Dª. MERCEDES DENGRA SIXTO	P.S.DE G-P.S.O.E
Dª EMMA ALVAREZ CHAO	D. PABLO MASEDA FERNANDEZ	P.POPULAR
		B.N.G.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA REFERENTE A RECOÑECEMENTO DA SÚA DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

A continuación pasouse a debater a proposta da Alcaldía referente ó recoñecemento da súa dedicación exclusiva.

A Sra. Alvarez Chao sinala que lle parece positivo a baixada de soldo e que ela mesma cando era Alcaldesa baixouse o mesmo, e que para a súa asignación, aportou unha nómina da empresa onde traballaba. E que o soldo dun Alcalde non o considera alto nin baixo que depende das xestións que realice.

O Sr. Arango Ron sinala que coa baixada do soldo da Alcaldesa e a supresión da dedicación parcial do Teniente de Alcalde, supón unha baixada do arredor do 25 por cento, que se aforran uns 30.000 euros o ano.

A Sra. Alvarez Chao di que non lle dan esas contas ó que lle responde o Sr. Arango que as faga de novo.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por seis votos a favor, do P.S. de G.- P.S.O.E. e catro abstencións, do P.P. acordou aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada e que son os que se transcriben a continuación:

"Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello, á vista do disposto no artigo 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, así como no artigo 18 da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local polo que se introduce o artigo 75.bis, da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Que o exercicio do cargo da Alcaldía se preste en réxime de dedicación exclusiva como se viña facendo noutras ocasións.

Segundo.- . A contía da retribución ascenderá a Dous mil douscentos cincuenta euros (2.250,00-) brutos mensuais con catorce pagas e cos incrementos anuais que para funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas.

Terceiro.- O recoñecemento da dedicación exclusiva á Alcaldía esixirá a dedicación exclusiva ás tarefas propias do cargo e a incompatibilidade expresa coa de calquera outra retribución con cargo ós presupostos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresa delas dependentes.

Carto.- Formalizar o correspondente contrato de traballo e a alta no réxime xeral da Seguridade Social de conformidade co artigo

75.1 da Lei 7/85 xa citada e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Quinto.- Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de forma íntegra o presente acordo a efectos de xeral coñecemento.

E a miña proposta, non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente, en Lourenzá a dezaseis de xuño do dous mil quince."

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldía levantouse a sesión sendo as vinte horas e cincuenta minutos (20,50) e estendéndose do seu resultado a presente acta, reflexo dos feitos acaecidos na mesma e que, como Secretaria accidental, dou fe.

Vº Pr.

A Alcaldesa- Presidente



A Secretaria acctal,

